

caixanova 

Concertos para escolares de Musica Popular Galega - I -

"Que tocamos ?"
"Con que tocamos ?"

Curso 2007 - 08



A. F. " Gaiteiros da Xistra "

INDICE

.- PRESENTACIÓN	03
.- SUXERENCIAS AO MÉTODO	04
.- OBXECTIVOS (Suxerencias para o/a mestre/a)	05
.- Obxectivos: os instrumentos	06
.- " : os ritmos e as cantigas	07
.- Fondo fotográfico I	08
.- " " II	09
.- " " III	10
.- Consellos para a interpretación das propostas	11
.- Solucións ás actividades propostas	12
.- O CONCERTO	13
.- Personaxes	14
.- Os instrumentos:	15
.- Instrumentos de vento	15
.- " de percusión	16
.- " de corda	17
.- A gaita galega. Partes e nomenclaturas	18
.- As melodías:	19
.- "Mazurca dos Encantiños" e "Xota popular"	19
.- "Foliada de Asén"	20
.- "A rianxeira"	21
.- "Ribeirana"	22
.- "Buxos verdes"	23
.- "Foliada de Campelo"	24
.- "O Pi-ri-pi-pí"	25
.- "A Carolina"	26
.- PROPOSTAS E ACTIVIDADES:	27
.- Os instrumentos	28
.- As cantigas	34
.- Os ritmos e melodías	36
.- "O testamento do gato" (romance)	38
.- Propostas musicais:	46
.- "Mazurca de Liñares"	46
.- "Farsa de Carril"	47
.- FICHA TÉCNICA	49



Resulta imposible concebi-la vida en calquera sociedade ou colectividade humana sen ter en conta á súa música. Ela asoma coma elemento importante na actividade social, pública e privada.

Dende tempos inmemorables os habitantes de Galicia, tanto nas vilas coma nas aldeas, vimos de ser formados e "ensinados" dun xeito natural de acorde coas nosas costumes, á nosa xeografía, á nosa historia, ... Hoxendía estamos a perder paseniñamente toda esta "naturalidade etnográfica". A "aldea global" estamos facendo esquencer, entre outras cousas, este sistema de ensino onde o alumno e a alumna asimilaban os conceptos que anos máis tarde lles convertían en novos mestres; perpetuando e garantizando así a continuidade das nosas señas de identidade. Na actualidade as diferencias entre profesor-a e alumno-a estanse a incrementar, voltando ó xeito clasicista doutras épocas. Os libros de texto sustituen ás persoas e , sobor de todo, os elementos motivadores propostos ás nosas cativas e ós nosos cativos son, na meirande parte dos casos, totalmente alleos á realidade que está máis preto de todos nós.

O plantexamento didáctico sobre o folclore galego que ofertamos dende a ASOCIACIÓN DE GAITEIROS DA XISTRA, e do que forman parte estes "Concertos para Escolares", pretende contribuir a suxerir sistemas de aprendizaxe de folclore na escola primaria, axudar e orientar, na medida do posible, á quenes teñen as responsabilidades educativas e tamén consideran que os nosos costumes merecen a pena conservalos. Tamén pretendemos que o folclore sirva para algo máis ca crear espectáculos – aspecto o que está condeado no momento actual. Coidamos seriamente que a etnografía permanece ou debería de permanecer viva entre as xeracións vindeiras dun xeito activo con plena vixencia no sistema de ensino oficial. Por elo, e dende a nosa modestia, aportamos este material baseado nas nosas experiencias folclóricas que asimilamos durante os anos que levamos percorrendo a xeografía galega, tanto na realización de estudos de campo coma participando nun bo número de actuacións dentro e fora do noso país.



Suxerencias ó método:

1ª.- Sobor de todo, supón unha aportación de material dirixido ós mestres para súa aplicación na escola previa e posteriormente ao concerto en directo sobre música popular galega.

2ª.- Os obxectivos, conceptos e exemplos que nel aparecen cicáis son demasiado xeralizados. Por elo coidamos que debe ser un material susceptible de ser modificado en función de "momentos de ensino" máis concretos.

3ª.- O obxectivo xeral é o de entender que o folclore é unha cousa natural e unha diversión espontánea. Sen máis.

4ª.- Como se comprobará, as melodías e ritmos destes "Concertos para Escolares" son moi sinxelos e dabondo coñecidos. Aparte deles aportamos material de apoio: partituras diversas, laminas para retrotransparencias, fotografías e algúns exemplos de actividades. Suxerimos tamén que os temas musicais escollidos se localicen nas discografías de grupos coma "Fuxan os Ventos", "Xistra de Coruxo", "Durindaina", "Muxicas", etc...

5ª.- Todo o contido desta carpeta está pensado para que cada mestre prepare o material e as actividades ó seu xeito máis convinte. Así, por exemplo, recomendamos se preparen retrotransparencias realizando fotocopias en acetato.



Obxectivos

(suxerencias para
o/a mestre/a)



A miña nena pequena
heina de ensinar a todo:
a amasar e a cocer
e a mete-lo pan no forno.

OS INSTRUMENTOS

Obxectivos:

- Coñecer os instrumentos autóctonos de Galicia diferenciándoos dos “instrumentos non autóctonos” empregados na música tradicional e popular.
- Diferenciar entre os instrumentos artesanais, os industriais e os naturais (cunchas, bucinas, etc.).
- Valorar a figura do artesán coma elemento fundamental na existencia e na evolución dos instrumentos.
- Coñecer as agrupacións instrumentais máis empregadas na música popular galega: pandereteiras, gaita e tamboril, quinteto, murga, treboada, ...
- Valorar a voz e a tradición oral coma instrumento de expresión e comunicación.
- Discriminar auditivamente os instrumentos tradicionais galegos.
- Coñecer os nomes e terminoloxías galegas dos nosos instrumentos e as súas partes.
- Interpretar instrumentalmente arranxos de músicas tradicionais.
- Destacar o papel desempeñado polos instrumentos de percusión como base.

Proposta de actividades:

Propostas para o/a mestre/a	Material de apoio	Suxerencias para alumno/a
- Confección de fichas con diferentes instrumentos. - Confección de murais para aula.	- Láminas de instrumentos	- Nomear e clasificar por diferentes tipos: construción, familias, ... - En pequenos grupos: debuxar, colorear, recortar e pegar.
- Audicións musicais.		
- Audicións de pezas musicais de grupos de música tradicional galega.		- Diferencia-la orde de entrada de cada instrumento. - Diferencia-los instrumentos empregados na execución de cada peza.
- Confección de láminas de debuxo e textos explicativos para cada instrumento.	- Láminas de instrumentos	- Debuxar ou darlle cor á diferentes instrumentos.
- Propor posibles combinacións de instrumentos.		- Debuxar un grupo de música tradicional.
- Crear grupos de alumnos/as con diferente número de compoñentes onde cada integrante imite ou simule tocar un instrumento.	- Fotos antigas	- Situar puntualmente a quenes poden leva-la melodía e quen pode acompañala.
- Propor a interpretación en cunchas.	- Partituras	- Indagar nas diferentes técnicas de interpretación nos instrumentos de percusión.



OS RITMOS e AS CANTIGAS

Obxectivos:

- Destaca-la importancia dos instrumentos de percusión coma elementos rítmicos ou que marcan ritmos.
- Diferenciación entre os ritmos autóctonos galegos (Muiñeira) e os non autóctonos (Jotas, Pasodobles, Mazurcas, Polcas , ...)
- Potenciación da autoestima social de “sentirse galego/a” e da importancia de selo a través do recoñecemento e admiración pola muiñeira coma algo propio e diferenciador do folclore doutras comunidades.
- Profundizar no respecto e a tolerancia cara a outras comunidades remarcando a facilidade e a predisposición coa que os nosos antergos asimilaron e adoptaron coma seus os ritmos procedentes doutras culturas máis ou menos lonxanas: “fai moitísimos anos que as xentes de Galicia devírtense bailando e interpretando pasodobles, valeses, mazurcas, etc...; ata o punto de que na actualidade estes ritmos considéranse dentro de tódolos estudos dos cancioneros tradicionais”.
- Propoñer actividades que axuden á mellora dos exercicios rítmicos e coordinación psicomotriz.
- Propoñer elementos de motivación extrapolables a outras disciplinas lingua, plástica, ...

Proposta de actividades:

Propostas para o/a mestre/a	Material de apoio	Suxerencias para alumno/a
- Remuíño de ideas sobre as diferenzas sociais e materiais entre a sociedade actual e a dos tempos mozos dos nosos maiores (medios laborais, de transporte, festas, etc.)		
- Prácticas de interpretación de muiñeira	- <i>Partituras</i>	- En gran grupo interpretación musical e danza.
- Lectura atenta de “A Carolina”.		- Debater en gran grupo sobre as características máis salientables do personaxe. - Debuxar individualmente á Carolina.
- Prácticas de interpretación do pasodoble.	- <i>Partituras</i>	- En gran grupo interpretación instrumental, vocal e danza a tempo de pasodoble.
- Prácticas de interpretación do valse.	- <i>Partituras</i>	- En gran grupo interpretación instrumental, vocal e danza a tempo de valse.
- “Os cantos de cego”: Explicación da súa importancia, método e interpretación.	- <i>Partituras.</i> - “Feitizo” (C.D. de “Na Lua”) - “Recolleita” C.D. de Pablo Quintana)	- Audicións e interpretacións en grupo de “O xastre coxo”. - Audicións e interpretacións en grupo de “O Testamento do Gato”. - En pequenos grupos, elabora-las viñetas con debuxos e textos para simular a un cego cantando nunha feira. - Interpretación arranxo “Cáscalle ao xastre” simultaneamente coa gravación de “Na lúa” realizando o transporte necesario.





Gaiteiros de Guillarei
1900



Airiños do Fragoso ("Os Fragoselos ")
CORUXO - VIGO, 1.930 aprox.





"Os Teixugos"
O Porriño, 1950, aprox.



"Cantigas e Amorios"
PONTEDEUME, 1.926





Rancho de Reis
CORUXO - VIGO, 1950 aprox.



Rancho de Reis
CORZÁNS - SALVATERRA, 1950 aprox.



CONSELLOS PARA A INTERPRETACIÓN DAS PROPOSTAS MUSICAIS

Xilófonos, carillóns e outros ...

Nas partituras propostas preséntanse varios pentagramas de acompañamento armónico para seren interpretados polos instrumentos escolares. Estes acompañamentos consisten en dous ou tres pentagramas de acordes ou arpexios que se adaptan aos rexistros do instrumental escolar (carillóns, xilófonos ou metalófonos).

As melodías poden ser interpretadas con frautas doces. Non se especifica os instrumentos que deben insertar cada unha das liñas armónicas, quedando esta elección de man dos mestres para que a realicen en función do instrumental do que dispoñan nas aulas.

Acompañamento rítmico ...

Para o acompañamento rítmico preséntase unha ou dúas liñas para a súa interpretación con bombo e cunchas.

Bombo ...

No caso da práctica do ritmo de bombo propónse a realización de exercicios de percusión corporal de mas sobre pernas.

Cunchas ...

Para a realizar a práctica de interpretación en cunchas, aconséllase facela en primeiro lugar con puños pechados rozando os nudillos da man dereita contra os da esquerda que permanecerá estática.



SOLUCIÓN S ÁS ACTIVIDADES PROPOSTAS

PÁXINA 35:

o ronco, o punteiro, o fol, A GAITA, A ZANFONA, as ferriñas, o parche, A PANDEIRETA

PÁXINA 36:

Eu son
un TAMBOR
e teño 2 parches.
Nun deles bátenme con dous paus
que se chaman BAQUETAS Por iso son
un instrumento de PERCUSIÓN
Acompaño sempre a outro instrumento
moi parecido a min, pero máis grande
e que se coñece co nome de BOMBO
A el soamente lle baten cun pau que
ten unha bola gordota. ¿De seguro
que sabes como lle chaman a ese pau?
Efectivamente, é a MAZA.

PÁXINA 40:


Este pandeiro que eu toco
eche de coiro de ourella
onte pastaba na braña
e hoxe toca que rabea.

Oficios: xastre e mariñeiro

PÁXINA 42:

- Adiviña nº 1: o papel
Adiviña nº 2: a gaita
Adiviña nº 3: pincolinco = o chourizo
mincolinco = o gato

PÁXINA 44:




O Concerto



" A boa gaita quer bo gaiteiro "

A. F. " GAITEIROS DA XISTRA "



¡Hola!
Chámome Sandra e son pandereteira.
Bueno ..., son a pandereteira
dos CONCERTOS PARA ESCOLARES
dos "GAITEIROS DA XISTRA"

Este home tan
pensativo é o Sr. Cholo,
o encargado de preparar o auditorio, os
micrófonos, as luces, ... e todas esas
 cousas que fan falla para realizar
calquera concerto.



¡Moi boas!
Son Alberte Simpatiqueiro,
o presentador máis
dicharacheiro.



E este tan mal vestido
é o noso presentador: unha
boa persoa, aínda que un pouco
presumidiño ...



INSTRUMENTOS DE VENTO



Bucina



Clarinete



Gaita



Acordeón



Requinta



INSTRUMENTOS DE PERCUSIÓN



Cunchas



Pandeiro



Bombo



Charrasco




Pandeireta



Tamboril




INSTRUMENTO DE CORDA



A ZANFONA



A GAITA (as súas partes)



Mazurca

Do repertorio de "Os Encantiños do Umia";
Godos, Caldas de Reis



Xota popular

Tradicional galega



Foliada de Asén

Popular



7

13

19

25

31

ai te - ño un - ha mo - za en a - se - en ai ou - tra no
ro - lle mais a de a - se - en ai por - qué dor -

cas - ti - ñei - ri - ño ai que -
me no mu - í - ño ai por - qué dor - me no mu - í - ño

ai la le lo, ai le le la lo

Ai teño unha moza en Asén
Ai outra no Castiñeiriño
Ai quero máis a de Asén
Ai porque durme no muiño

Ai unha vella nunha fonte
Ai por unha berza bebía
Ai a berza estaba rachada
Ai toda a auga lle vertía



A Rianxeira



A vir-xen de Gua - da - lu - pe can - do vai po - la ri - bei - ra

A Des - cal - ci - ña po - la_a - re - a pa - re - ce_un - ha

ri - an - xei - ra ri - an - xei - ra On - di - ñas

ve - ñen, on - di - ñas ve - ñen, on - di - ñas ve - ñen e van;

non te va - ias ri - an - xei - ra

que te vas a ma - re - ar.

1. 2. D. C. ao

Estribillo:

Ondiñas veñen, ondiñas veñen,
 ondiñas veñen e van
 non te embarques, rianxeira,
 que te vas a marear.

A virxe de Guadalupe
 cando vai pola ribeira,
 descalciña pola area
 parece unha rianxeira.

A virxe de Guadalupe
 cando vai para Rianxo,
 a lanchiña que a leva
 era de pau de laranxo.



Ribeirana
Vilar Cabeiras-Arbo

[illegible]

Esta ribeirana nova;
esta nova ribeirana;
esta ribeirana nova,
trouxena eu da montaña.

Bótalle unha cantigiña;
bótalle unha cantarela;
bótalle unha cantigiña,
ao modo da nosa terra.

Se soubera que ti viñas
esta noite ao serán
mandaba varre-las rúas
cun ramiño de azafrán.

Axudame aquí axuda,
dame aquí unha axudiña,
que eu non podo que estou ronca
desta miña gargantiña.



Buxos Verdes

Popular




The musical score for "Buxos Verdes" is written in 8/8 time and consists of two systems of staves. The first system (measures 1-6) begins with a treble clef, a key signature of one flat (B-flat), and a common time signature of 8/8. It features a repeat sign at the beginning and a key signature change to two flats (B-flat and E-flat) at the end. The second system (measures 7-15) includes first and second endings, with measure numbers 7, 12, and 16 indicated. The third system (measures 16-20) also includes first and second endings and concludes with a key signature change to one flat (B-flat) and a final double bar line.



Foliada de Campelo

Tradicional galega



6

11

16

22

28

34

por ver si me con - so - la - - ba

A - rri - mei - me a un pi - no ver - - de por ver si me

no co - mo e - ra no - - vo o ver - me cho -

con - so - la - - ba e o pi

rar cho - ra - - ba o ver - me cho - rar cho - ra - - ba

ao

ai la le lo, ai la la - - la

Arrimeime a un pino verde
por ver si me consolaba
e o pino coma era novo
ao verme chorar choraba.

O carballo da Portela
ten a folla revirada
que lla revirou o vento
nunha noite de xiada.

Do outro lado do río
ten meu pai un castiñeiro;
dá castañas en agosto
e uvas mouras en xaneiro.



O Piripipí



pi - ri - pi - pi - pi - pi - ri - pi - pi Ma - no - lo mi - ra pra -
lá Ma - no - lo mi - ra pra - a - quí - pi - ri - pi quí -
Os cre - gos e os ta - ber - nei - ro - o - os te - ñen moi - to pa - re -
ci - do - o - o, os cre - gos bau - ti - zan ne - nos aí pi -
ri - pi - pi - pi - pi e os ta - ber - nei - ros o vi - ño pi - ri - pi

Os cregos e os taberneiros
teñen moito parecido:
os cregos bautizan nenos
e os taberneiros o viño.

Taberneiro de Fornelos,
bótame aquí medio vaso;
veño de ver unha moza
cun lagarto no refaixo.

Cásate comigo, nena,
mira que son taberneiro;
trampa arriba, trampa abaixo
sempre manexo diñeiro.



A Carolina



A sa - ia da Ca - ro - li - na ten un la - gar - to pin -
 can - do a Ca - ro - li - na bai - la o la - gar - to da - lle ó
 1. ta - do
 2. ra - bo
 ¿Bai - la - ches Ca - ro - li - na? Bai - lei, si se -
 ñor. ¿Di - me con que bai - la - ches? Bai - lei co meu a - mor, bai -
 lei co meu a - mor, bai - lei co meu a - mor. ¿Bai -
 la - ches Ca - ro - li - na? Bai - lei, si se - ñor. D. C.

A saia da Carolina
 ten un lagarto pintado;
 cando a Carolina baila
 o lagarto dalle o rabo.

A Carolina é unha tola
 que todo fai o revés:
 vístese pola cabeza
 e dispexe polos pes.

No curro da Carolina
 non entra carro pechado
 namáis entra Carolina
 co seu cocho polo rabo.

O señor cura non baila
 porque ten unha coroa.
 Baile, señor cura, baile,
 que Deus todo llo perdoa.

ESTRIBILLOS:

¿Bailaches, Carolina?
 Bailei, si señor.
 ¿Dime con quen bailaches?
 Bailei co meu amor.
 ¿Bailaches, Carolina?
 Bailei, si señor.

¿Bailaches, Carolina?
 Bailei no cuartel.
 ¿Dime con quen bailaches?
 Bailei co coronel.
 ¿Bailaches, Carolina?
 Bailei no cuartel.

¿Bailaches, Carolina?
 Bailei abofé.
 ¿Dime con quen bailaches?
 Bailei co meu Xosé.
 ¿Bailaches, Carolina?
 Bailei abofé.




Propostas e actividades




Sei cantar e sei bailar,
tamen toco a pandeireta.
O que case comigo
leva a musica completa.

A. F. " GAITEIROS DA XISTRA "


NOMEA OS LUGARES PUNTEADOS



A G _ _ _ _ _



as f _ _ _ _ _




A P _ _ _ _ _



Coloreando do xeito que se pide, atoparás un instrumento de sobra coñecido

- 1.- AZUL
- 2.- BERMELLO
- 3.- VERDE
- 4.- AMARELO
- 5.- LARANXA



Son un



Eu son

un

e teño ... parches.

Nun deles bátenme con dous paus que se chaman Por iso son un instrumento de

Acompaño sempre a outro instrumento moi parecido a min, pero máis grande e que se coñece co nome de

A el soamente lle baten cun pau que ten unha bola gordota. ¿De seguro que sabes como lle chaman a ese pau?

Efectivamente, é a



UNE CON FLECHAS



pandeiro



chiflo



clarinete



tambor



violín



VENTO

PERCUSION

CORDA




gaita



pandeira



requinta



zanfona



pandeireta




O Sr. Cholo segue a pensar. Pero esta vez e por outro motivo. Agora quere ser un artesán de instrumentos tradicionais galegos e non sabe cales deles pode construír artesanalmente. ¿Pódeslle axudar?



RESPOSTAS :

SITÚA A PUNTA DO TEU LAPIS NO NUMERO 1 E DIRIXETE O NUMERO 2 SEN LEVANTALA E DESPOIS O 3, O 4, ... ATOPARÁS UN INSTRUMENTO DE DOUS PARCHES QUE SE PERCUTEN CON DÚAS MANS.



• 8

3 4 9



LE ATENTAMENTE ESTA CANTIGA POPULAR E INTENTA DEBUXAR O SEU SIGNIFICADO

O gaiteiro toca a gaita,
a muller toca o tamor,
o fillo toca o bombo
e o can ladra o roncón



A. F. " GAITEIROS DA XISTRA "

ORDEA CORRECTAMENTE OS VERSOS DESTA CANTIGA:
(Pensa que o segundo verso ten que "rimar" co cuarto.
É dicir: os finais dos versos 2 e 4 soarán moi parecidos)

Este pandeiro que eu toco

e hoxe toca que rabea

onte pastaba na braña

eche de coiro de ouvella

1º

2º

3º

4º

¿ A que oficios
se refiren estas
cantigas ?



Lévanlles pano para un traxe
e anque lles sobre unha vara,
cando o van entregar,
sempre din non sobra nada.

.....

Teño barcas, teño redes;
teño sardiñas no mar,
teño unha muller bonita
non quero máis traballar.

.....



ASOCIA O CONTIDO DESTAS CANTIGAS CO ESTADO DE ÁNIMO QUE EXPRESA SANDRA CON CADA CARA

Anque estou aquí cantando,
triste está meu corazón,
que o teño máis amarelo
ca unha casca de limón



Que noite tan clara,
as estrelas a brillar,
tan alta vai a lúa
que me está a maravillar.



Teño ouro, teño prata,
teño calderilla e cobre;
de todo estou abundante,
mais de amores estou pobre.

Alá ven o meu amor.
¡ Que ledicia, que ilusión !
Canto máis perto está
máis se alegra o corazón.



Non me amoles, non me amoles,
non me fagas enfadar
que cando te teño diante
danme ganas de berrar.





Adiviña,
adiviñanza, ¿ ... ?

" CAE NA AUGA E ROMPE;
CAE NA ROCHA E NON ROMPE ".

Resposta:
(Pista: Telo diante de ti agora mesmo)

" ZUNCORRUNDULLO ANDABA NA FESTA,
NO MEDIO HINCHABA,
NO RABO RONCABA;
TIÑA ORELLAS E ZANGONEABA ".

Resposta:
(Pista: Un instrumento de vento)

" PINCOLINCO ESTA PINGANDO,
MINCOLINCO ESTA MIRANDO.
SE PINCOLINCO CAERA,
MINCOLINCO O COMERA ".

Respostas:
.....
(Pista: Aparecen no "Testamento do gato")



**SULIÑA DE COR BERMELLA O NOME DE TODO OS INSTRUMENTOS
E DE COR AZUL AS MELODÍAS QUE APARECEN NAS COPLAS QUE
SE CANTAN NESTA VODA.**



**Gaita, zanfona e tamboril,
bombo, requinta e pandeira.
¡ Que contenta está Galicia
cando soa a muiñeira !**

**O charrasco saca punto,
acompañao a pandeireta;
jota, valse e pasodoble,
todos bailan nesta festa.**

**O acordeón está no palco
amenizando esta voda.
¡ Como brincan todos eles
para facer unha roda !.**

**A polca vai a dous,
a mazurca vai a tres.
Bailaremos unha das dúas,
inda que sexa do revés.**




Nesta sopa de letras
aparecen os nomes dos nove
instrumentos que suliñaches de
cor bermella na actividade
anterior.



P	A	N	D	E	I	R	E	T	A
R	U	Z	A	N	F	O	N	A	W
P	A	N	D	E	I	R	A	M	X
A	N	X	Ñ	V	Q	F	J	B	I
C	B	R	E	G	R	A	H	O	T
O	B	M	T	A	M	F	U	R	H
R	E	Q	U	I	N	T	A	I	B
D	F	T	W	T	P	B	R	L	O
E	G	U	K	A	I	N	S	W	M
Ó	Z	D	P	V	M	G	E	E	B
N	C	H	A	R	R	A	S	C	O

¿ Sabes cal é o ritmo
e o baile propio de Galicia ?

Resposta:



¿ Pódeslle axudar ?

Sandra está preocupada
en resolver o crucigrama
que contén os nomes dos
seis ritmos pouplares
suliñados anteriormente
de cor azul ?






Debuxos: Jorge Rodríguez e David García
(C.E.I.P "Ría de Vigo")



O testamento do gato (cantar de cego)



Estando o señor gato,
nunha silla ben sentado,

chegoulle a gran noticia
que había de ser casado

coa gata montañesa
que tiña os seus cen ducados.

O gato con tanta risa
caiu do tellado abaixo.

Rompera sete cotelas
e a puntixiña do rabo.

Mandaron chamar ao cura
E xuntamente ao escribano

para face-lo testamento
do moito que había roubado

trinta quilos de touciño
e outros tatos de pescado,



cen varas de longaízas
e o testamento acabado.


E despois cando me enterren,
non me enterren en sagrado;


entérrenme nun campión.
E o testamento pechado.


















Recreación
a partir do romance interpretado
por Florencio, o cego dos Vilares,
en "Recolleita - Volume I"
de Pablo Quintana



Mazurca de Liñares

Tradicional galega



The musical score is written for three staves (treble, alto, and bass clefs) in 3/4 time. It begins with a key signature of one sharp (F#) and a common time signature. The score is divided into measures, with measure numbers 5, 9, 14, and 17 indicated. The music features a mix of eighth and sixteenth notes, with some measures containing rests. There are repeat signs with first and second endings at measures 9-10 and 17-18. The piece concludes with a double bar line and a key signature change to one flat (Bb).



Farsa de Carril

Danza de espadas



2

13



17



21



"Concertos para escolares de Música opular Galega - I "

EDITA: A. F. " GAITEIROS DA XISTRA "
<http://www.xistra.info>

PATROCINA:



IDEA ORIXINAL: **XERARDO F. SANTOMÉ**
COORDINACIÓN DIDÁCTICA: **FERNANO ABREU, XOÁN CARLOS VÁZQUEZ, Mª XOSÉ LÓPEZ**
ILUSTRACIONES: **BENXA MÍGUEZ** DESEÑO GRÁFICO: **XERARDO F. SANTOMÉ**
ARRANXOS INSTRUMENTAIS: **FERNANDO ABREU**

Rex. Prop. Intel. nº: PO-2440

Dep. Leg. VG 1131-2003



A. F. " GAITEIROS DA XISTRA "